



O PSdeG de Vilalba cualifica o pleno de onte como “o da vergoña” e insistirá nas dimisións “por respecto á política”

Os socialistas lamentan a “indignidade política e democrática do alcalde”, que recoñeceu os contratos públicos a empresas relacionadas cos concelleiros García-Leira e Vázquez Otero e xustificounos, nun “ataque á normativa de incompatibilidades”

O PSdeG censura a actitude do rexedor municipal, que se negou a gardar un minuto de silencio polas vítimas do accidente ferroviario de Santiago, como solicitaban os socialistas, “nun xesto desprezable”

O PSdeG de Vilalba cualifica o pleno municipal celebrado onte na localidade vilalbesa como “o pleno da vergoña” pola “indignidade política e democrática do alcalde”, que ten unha actitude “de burla e desprezo por toda norma ética e de funcionamento dun goberno”. A indignación dos socialistas chega despois de que no pleno, o rexedor recoñecese os contratos públicos a empresas relacionadas cos concelleiros José M^a García-Leira y Boado e Julio Vázquez Otero denunciados polo PSdeG, pero os xustificase, “nun ataque á normativa de incompatibilidades”. O voceiro do PSdeG, Eduardo Vidal, anuncia que insistirán ata que se produzan as dimisións “por respecto á política”.

O alcalde vilalbés asegurou no pleno que o Concello non ten nada que ver co proxecto do Auditorio municipal ideado por César Portela, que foi construído por unha UTE na que estaba José Sanjurjo Construcciones SL, a empresa coa que o concelleiro García-Leira admite ter unha relación contractual e que “iso foi cousa da Xunta”. Ademais os socialistas lembran que “agora mesmo as arcas públicas poden ter que pagar 500.000 euros en reparacións do auditorio porque o Concello non lles esixiu responsabilidades polos defectos de construción aos construtores, eles saberán por que”. O PSdeG cualifica de “escándalo” esta situación e o feito de que o propio García-Leira teña aprobado contratos e facturas para a empresa na que ten intereses desde a Xunta de Goberno.

Outro dos asuntos polémicos tratados no pleno foi a factura de 2.800 euros aprobada en Xunta de Goberno a favor da clínica do concelleiro e tenente de alcalde Julio Vázquez Otero, en concepto de servizos para o festival FIV, nunha aprobación na que participou o propio Vázquez Otero. O alcalde recoñeceu onte esa factura “co surrealista argumento de que era a oferta máis barata, cando do que estamos a falar é de cousas moito máis graves”. Ademais, Vidal censura “o desprezo democrático” do alcalde, que non deixou que o resto de membros da Xunta de Goberno respondesen ás preguntas formuladas polos socialistas, que ían dirixidas explicitamente a eles segundo o rexistro. Tampouco respondeu ás preguntas o propio Vázquez Otero.

Segundo o alcalde, a Xunta de Goberno descoñecía que a factura do FIV fose para a empresa do tenente alcalde Vázquez Otero

O alcalde asegurou en nome deles que os membros da Xunta de Goberno descoñecían que a factura aprobada fose para a clínica de Vázquez Otero. Ademais, “recoñeceu que o propio tenente de alcalde ocultoulle á Xunta de Goberno este dato e a información de que a clínica



era súa, un feito de máxima gravidade que non ten xustificación posible”, polo que os socialistas piden que os responsables do PP a nivel local e provincial “reflexionen sobre estes feitos” e “destitúan a estas persoas por respecto á política” porque “do contrario, o que quedará deslixitimado para exercer o seu cargo é o propio alcalde”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Rexeitamento do minuto de silencio

Eduardo Vidal engade a este “pleno da vergoña” a indignación dos socialistas pola negativa do PP a gardar un minuto de silencio ao comezo do pleno en recordo das vítimas do accidente ferroviario de Santiago, tras solicitalo o PSdeG. “É un xesto despreziable que non precisa de máis adxectivos, porque por si mesmo cualifica a quen é capaz de rexeitar un acto simbólico deste tipo só por prepotencia”.

Vilalba, 2 de agosto de 2013